

# MISIÓN DE AUDACES

John Ford, 1959

# 994

ESTREA EN NUMAX: 10.08.2022 | V.O.S.E. | 119 min

Un severo coronel unionista está á fronte dun rexemento que debe infiltrarse en pleno territorio confederado para cumprir unha difícil misión. Nesta aventura acompañao un médico de bos sentimentos. Para evitar que revele os seus plans ao inimigo, vense obrigados a levar como refén unha moza rebelde sureña que coñece a misión.

«Marabilloso western protagonizado por uns inconmensurables John Wayne e William Holden. Un luxo»

Fernando Morales, EL PAÍS



## Unha desesperada visión sobre o ser humano en conflito

Por Alberto Abuín

A chamada triloxía sobre a cabalería de John Ford está formada por *Fort Apache* (1948), *A lexión invencible* (1949) e *Río Grande* (1950). Pero hai un cuarto título que podería ser considerado como unha extensión da mesma: *Misión de audaces*. Nunca entendín o desprezo, por así chamalo, por parte da crítica, ou incluso os espectadores, ante unha cinta que, como dixo un popular escritor dos Estados Unidos, é un filme menor dentro da filmografía de Ford pero un filme grande.

### Os personaxes por enriba da historia

John Wayne, nunha das súas moitas colaboracións co seu amigo, dá vida ao Coronel John Marlowe, do exército da Unión, que co seu rexemento deberá internarse tras as liñas inimigas para destruír unhas vías de ferrocarril moi importantes para o exército confederado. Unha misión que podería sentenciar o curso da guerra. O filme é unha ficción baseada nun feito real; unha misión, nada audaz, que lle serve a Ford para ofrecer unha nada épica visión sobre a guerra e o heroísmo. E iso que falamos dun director moitas veces tachado, evidentemente por cegos, pola súa ideoloxía.

A voadura da liña de ferrocarril prodúcese fóra de campo. Ao director interésalle máis o compoñente humano, tan característico da súa obra, personaxes en aparencia dunha forma, aos que visten moitos dos seus actos, no que para Ford adoitaba ser un retrato da vida cotiá de cada un deles. Adianta tamén o que se vería posteriormente nos seus filmes: os caracteres enfrontados en mans dos personaxes centrais.

Wayne interpreta a un constructor de liñas ferroviarias na vida civil – a súa misión en tempos de guerra é toda unha ironía-, e William Holden no papel dun médico que os acompaña, cun interese vital que consiste en evitar que morran inutilmente máis homes, sexa do bando que sexan. Con visións diferentes sobre a guerra, Marlowe mira o seu acompañante con receo, case con odio, por pertencer a ese grupo de "profesionais" que unha vez mataron a súa esposa en busca dun tumor que non existía.

### Máscaras que caen

Así pois, ese xogo de máscaras comeza co propio Marlowe, protagonista central dun relato case coral, no que tamén remata aterrando o lóxico personaxe feminino do universo fordiano, Hannah Hunter, interpretada por Constance Towers. Ela é unha muller do Sur que, en certo instante, descubre os plans dos soldados do norte e estes vense obrigados a levala con eles. A confrontación Marlowe/Hunter irá máis alá da típica guerra de sexos, ao representar dous estilos diferentes de ideoloxías.

Pero coma sempre no cinema de Ford, as diferentes formas de pensar atoparán un punto de encontro, de reconciliación, de tolerancia co próximo. Así, a citada relación irá in crescendo ata ese marabilloso final no que Marlowe arrebatada o pano de Hannah -ecos d'*O home tranquilo* (1952), a historia de amor por excelencia de Ford-, miraa por última vez e cruza unha ponte crucial que explota despois da súa cabalgada. É un dos desenlaces máis misteriosos e estraños do cinema de Ford, tamén un dos máis belos.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/libreria](http://numax.org/libreria)

*Simetrías. Los 5  
actos en las películas  
de John Ford,*  
Paulino Viota Cabrero.  
Athenaica, 2022

*La diligencia,*  
John Ford.  
a contracorrientefilms  
[DVD + libro]